

## ORDENANZA FISCAL Nº 21

### TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON GRÚAS, VALADOS, PUNTAIS, GUINDASTRES, SOPORTES, ANDAMIOS, BACIAS PARA ESCOMBROS E CALQUERA APARELLO AUXILIAR DE OBRA CIVIL ANÁLOGO, E POLA OCUPACIÓN OU CORTE DE VÍAS PÚBLICAS LOCAIS CON MOTIVO DA REALIZACIÓN DE OBRAS.

#### **ARTIGO 1.º .-FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En desenvolvemento das atribucións conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e ó abeiro do disposto no art. 20.1 e 3 g) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola ocupación de terreos de uso público local con grúas, valados, puntais, guindastres, soportes, andamios, bacías para escombros e calquera aparello auxiliar de obra civil análogo, así coma pola ocupación ou corte de vías públicas locais con motivo da realización de obras.

#### **ARTIGO 2.º .-FEITO IMPOÑIBLE.**

O feito imponible está constituído pola realización de calquera dos aproveitamentos de ocupación de terreos de uso público local con grúas, valados, puntais, guindastres, soportes, andamios, bacías para escombros e calquera aparello auxiliar de obra civil análogo.

Constitúe, así mesmo, feito imponible da taxa, o corte ou ocupación das vías públicas para o tránsito de vehículos ou peóns, sexa cal fora a natureza da operación a realizar (cavado de zanzas, descarga de camións, etc...), sempre que esta impida a referida circulación ou paso, ou a obstrúa de xeito notable, segundo apreciacións da Policía Local.

#### **ARTIGO 3.º .-SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que resulten beneficiarias do outorgamento dunha licenza para gozar do aproveitamento privativo ou gozar da ocupación e/ou corte da vía, ou ben os que se beneficien do mesmo sen ter solicitado ou obtido licencia.

#### **ARTIGO 4.º .-RESPONSABLES.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das devanditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias da sociedade que administran, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometa unha infracción tributaria simple, polo importe da sanción.

b) Cando se teña cometido unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cesamento.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo cos procedementos previstos na Lei 230/1963.

#### **ARTIGO 5.º .-BENEFICIOS FISCAIS.**

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitaren licencia para gozar dos aproveitamentos privativos necesarios para os servizos que inmediatamente interesen á seguridade cidadán ou á defensa nacional.

#### **ARTIGO 6.º .-TARIFAS.**

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal farase efectiva conforme ás seguintes tarifas:

a) Pola ocupación de terreos de uso público con grúas:

1.º .-1.200 ptas/m<sup>2</sup>/mes ata a fin do prazo establecido pola Oficina Técnica Municipal coma suficiente para a realización dos traballos que requiren o uso deste elemento.

2.º .-A partires da fin do prazo referido no apartado 1º , de acordo coa seguinte fórmula:

Cota tributaria = m<sup>2</sup> x n x 2.000 pts x (1,06)<sup>n</sup>, sendo n o número total enteiro de meses que pasen do prazo inicialmente considerado coma suficiente. O número de meses será irreductible a non enteiros, tomándose cada fracción coma un mes.

b) Pola ocupación con valados, por metro cadrado e mes:

1.º .-300 ptas/m<sup>2</sup> ata o sexto mes.

2.º .-500 ptas/m<sup>2</sup> a partires do sétimo mes.

3.º .-750 ptas/m<sup>2</sup> a partires do duodécimo mes (non inclusive)

c) Puntais e soportes, por cada un ó mes, sempre que non ocupen máis de 50 centímetros cadrados (do contrario tributan como valado): 100 pesetas/mes.

d) Pola ocupación con andamios, por metro cadrado e día: 10 pesetas/m<sup>2</sup>.

e) Pola ocupación con bacías para a recollida de cascallos ou calquera outro recipiente para materiais, cunha lonxitude non superior a 3 metros e unha anchura non superior a 2 m., por cada un ó día, sempre e cando non estean colocados por tempo superior a 1 mes, caso no que tributarían coma valados: 100 pesetas.

f) Pola ocupación e/ou corte de vías públicas: 15 pesetas/metro/hora.

2.-Cando dentro do perímetro de dominio público se autorice a instalación dunha grúa, os metros cadrados ocupados por esta serán liquidados segundo a tarifa prevista no apartado a) anterior, descontándose a devandita superficie na liquidación da cota de valados.

3.-Cando se apeguen puntais ou outros elementos ós valados, tomarase coma contorno do valado a liña que debuxen os elementos apegados, aínda que sobresaian do valado.

4.-Cando se coloquen colectores ou recipientes para cascallos e análogos, estes deberán ser colocados de xeito que ocupen o menor espazo posible. Se inutilizasen o espazo que reste entre eles e o valado de obra ou outro elemento da mesma para uso coma estacionamento, entenderase que a ocupación do elemento principal se estende ata os lindes do recipiente. Se se colocase máis de un recipiente, deberán situarse xuntos.

5.-O corte ou ocupación da vía da tarifa f) medirase en función do tramo de vía ou vías que resulten inhabilitadas para o tránsito, sumando os metros lineais de todas elas, tomando como inhabilitados os tramos nos que non existan interseccións que permitan utilizar parte de vía, ou que carezan de vías de incorporación. É competencia da Policía Local determina-las condicións dos cortes e o horario concreto no que se permitirá, en función das necesidades do tráfico rodado e de peóns. A tarifa é irreductible por horas, de xeito que, superada a fracción, devengarase outra completa. A tarifa mínima será de 1.000 pesetas en todo caso.

6.-Debido a que non tódalas ocupacións de lugares de dominio público local teñen a mesma transcendencia sobre o tráfico de vehículos e a circulación de persoas, sobre as tarifas reguladas no apartado 1) aplicarase o seguinte coeficiente:

Categoría 1ª (zona vermella do plano anexo): 1.

Categoría 2ª (zona azul do plano anexo): 0,75.

Categoría 3ª (zona gris): 0,5.

Categoría 4ª (resto do término municipal): 0,25

7.-Cando algunha das instalacións gravadas nesta ordenanza ocupe ou teña fronte a dúas ou mais rúas con distinta clasificación, aplicarase en todo caso o coeficiente previsto para a rúa de maior categoría.

Anexo: Plano de Carballo delimitado por zonas, segundo as cores expresadas (Pódese consultar con máis detalle a cor na paxina de internet do BOP).

#### **ARTIGO 7.º.-RETRIBUCIÓN.**

1.-Nace a obriga de contribuír no momento do outorgamento da licenza ou desde que se inicie o aproveitamento, no caso de que non exista licenza.

2.-No caso de aproveitamentos realizados sen licenza e relacionados directamente coa execución dunha obra, presumirase que tal aproveitamento se ven producindo dende o outorgamento da licenza de obras.

#### **ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza Fiscal deberán solicitar previamente a correspondente licenza ou autorización, na que se indicará a superficie a ocupar e o tempo de ocupación, así como calquera outra limitación que se considere convinte establecer por razóns de interés público.

No suposto de que a ocupación da vía pública con elementos auxiliares e/ou complementarios de obras se refira a actuacións obxecto de comunicación previa, declaración responsable, ou licenza xa concedida –supostos previstos no art. 15.6 da Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades de apertura de establecementos e da realización de determinadas obras menores-, e sexa posible a súa tramitación polo procedemento regulado no art. 16 desa Ordenanza, os interesados deberán presentar xustificante do pagamento da autoliquidación no modelo oficial aprobado por resolución da Alcaldía xunto coa declaración responsable prevista no parágrafo 2 do artigo 16 da devandita Ordenanza. De non se acompañar o xustificante do pagamento da autoliquidación, non se producirá o silencio administrativo positivo para ocupar o dominio público, entendéndose como desestimada a súa petición unha vez transcorrido o prazo dos 10 días sinalado no devandito precepto, en tanto non se conceda autorización expresa, que, en todo caso, quedará supeditada, na súa efectividade, ao previo pagamento da correspondente liquidación administrativa.

Nos supostos que non se tramiten polo procedemento sinalado no art. 16 da Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades de apertura de establecementos e da realización de determinadas obras menores, a liquidación da taxa será aprobada no mesmo acto de concesión de licenza e notificarase de inmediato ao suxeito pasivo. Por Decreto da Alcaldía, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial Provincial, poderase establecer o sistema de autoliquidación para o ingreso da taxa nesta modalidade de solicitude de autorización.

2.- As cantidades esixibles seguindo a tarifa do artigo anterior liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3.- Solicitada a colocación de calquera destes elementos, antes de proceder á instalación dos mesmos, deberá poñerse en coñecemento da Policía Local, alomenos con 48 horas de antelación, a data e hora de colocación dos aparellos de obra civil, debendo estar presente algún axente da Policía municipal ou un Técnico Municipal no momento da colocación, que debe indicar aos operarios o xeito en que deben situar os aparellos, buscando a menor perturbación para os vehículos, transeúntes e demais usuarios do dominio público local, sendo vinculantes as súas indicacións. No desenvolvemento destas funcións, os Axentes de Policía actúan coma Axentes delegados da Inspección dos Tributos Municipal, e poderán estender dilixencias acreditativas dos feitos dos que teñan constancia, así coma levantar acta das infraccións apreciadas coa asistencia dos encargados das obras. As mesmas condicións esíxense para proceder ao corte das vías públicas locais, debendo, en todo caso, respetar as instrucións da Policía Local en canto a horario de corte e condicións do mesmo.

4.- Asimesmo, cando se proceda á retirada dos elementos, deberá solicitarse a presenza dos Axentes, no mesmo prazo, a fin de que dean constancia da data en que se devolve a situación ao seu estado normal.

5.- De non cumprir o disposto nos dous parágrafos anteriores, entenderase que o disfrute do dominio público local comenzou ao día seguinte ao da notificación da concesión da autorización, ou do remate do prazo de 10 días desde a comunicación previa ou declaración responsable, e rematou o último día ao que se refería a autorización ou o prazo sinalado na comunicación previa ou declaración responsable. Esta presunción pode ser destruída por calquera medio de proba admisible en Dereito.

6.- Cando, chegado o remate do prazo concedido de ocupación, os aparellos de obra continúen, ao día seguinte, sen retirar, iniciárase un novo devengo, irreducible, salvo que se puxera en coñecemento dos Servizos municipais, con 48 horas de antelación, algunha causa de forza maior, debidamente acreditada, que impida a traslación e levantamento en prazo dos elementos que ocupan o dominio público local.

7.- Se chegado o remate do prazo de ocupación ou disfrute non se tiveran rematado as obras, e fora preciso continuar a ocupación do dominio público, o interesado deberá solicitar a prórroga da autorización antes de que transcorran dous días hábiles desde o fin do prazo orixinario concedido. Ate transcorrido ese prazo, non procederá iniciar procedemento de comprobación algún. As prórrogas non se entenderán concedidas nunca por silencio administrativo, salvo que sexan accesorias á prórroga da licenza de obras.

8.- Se mediante interrupción das obras por resolución xudicial, ésta deberá ser posta en coñecemento do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral municipal de xeito inmediato, a fin de comprobar a procedencia de suspender o cómputo do prazo concedido de ocupación. En tales casos, non obstante, poderase esixir do promotor ou dono da obra que retire os elementos que se consideren innecesarios ou excesivamente molestos polos Servizos Técnicos municipais.

9.- Se no desenvolvemento das obras e con motivo da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público local se producira a destrución ou deterioro do dominio público local (beirarrúas, pavimentos, etc...), xa sexa de xeito

directo -dano emerxente- ou indirecto, evitando as melloras por obras realizadas –lucro cesante-, o beneficiario, ademáis de satisfacer a taxa regulada nesta Ordenanza, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de construción ou reparación e ao depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado nunha contía igual ao valor dos bens destruídos ou danados.

10.- Non poderá desfrutar da ocupación aquela persoa física, xurídica, ou entidade do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que non se atope inmatriculada na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas para exercer a actividade que precise da dita ocupación, sempre que a mesma estivese suxeita ao dito tributo.

### **ARTIGO 9.º .-CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON EMPRESAS CONSTRUCTORAS.**

O Concello poderá establecer convenios de colaboración na xestión deste tributo coas empresas que de xeito habitual coloquen aparellos gravados por esta taxa, ou ocupen de xeito habitual as vías públicas, buscando fórmulas de xestión conxunta que permitan unha mellor aplicación desta Ordenanza. Corresponderá ó Pleno da Corporación a aprobación de tales concertos.

### **ARTIGO 10.º .-INFRACCIÓNS E SANCIOÑS.**

1.-A cualificación das infraccións tributarias e as correspondentes sancións rexeranse polo establecido nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

2.-En particular, constitúe infracción simple:

a) A resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da Administración Tributaria Municipal, sexa en fase de xestión, inspección ou recadación deste imposto, concretamente a ocultación maliciosa das actividades desenvolvidas sen licencia, sempre e cando dito tipo non sexa encadrable noutra clase de infracción, unha vez requiridos polos Servizos de Inspección Municipais.

b) O incumprimento do deber de solicita-la presenza dos Axentes da Inspección Municipal (Axentes de Inspección Tributaria ou Axentes delegados da Policía Local), nos casos nos que a Ordenanza esixe a súa presenza.

3.-Constitúen infraccións tributarias graves:

a) Deixar de ingresar dentro dos prazos sinalados a totalidade ou parte da débeda tributaria, salvo regularización conforme ó previsto no artigo 61 da Lei 230/1963, xeral tributaria, ou inicio do período executivo sinalado no artigo 127 da mesma Lei.

b) Non presentar, presentar fóra de prazo previo requirimento da Administración Tributaria Municipal ou de forma incompleta ou incorrecta as declaracións ou documentos precisos para que a Administración tributaria poida practica-la liquidación deste tributo.

c) Inicia-lo aproveitamento do dominio público local sen a respectiva licencia, ou continua-lo dito goce unha vez rematado o prazo de concesión sen ter solicitado a correspondente prórroga nos prazos sinalados con anterioridade.

d) A declaración falsa do espacio ocupado por cada elemento tarifario.

e) Ocupar ou corta-las vías sobrepasando en máis dunha hora o período autorizado.

4.-As infraccións tributarias simples serán castigadas con multa pecuniaria fixa, segundo os criterios contidos no R.D. 1930/1998, que contén o Regulamento do procedemento sancionador en materia tributaria, ou coas sancións adicionais contempladas no mesmo texto e na Lei 230/1963.

5.-As infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional, do 50 ó 150 % das contías deixadas de ingresar, sen prexuízo das sancións accesorias que procedan segundo os textos legais anteditos.

6.-As infraccións graduaranse atendendo ás circunstancias seguintes:

a) A comisión repetida de infraccións.

b) A resistencia, escusa ou negativa á acción investigadora da Administración.

c) O uso de medios fraudulentos na comisión da infracción.

d) A ocultación á Administración dos datos precisos para a liquidación.

e) A falla de cumprimento dos deberes formais de colaboración establecidos nesta Ordenanza.

f) A transcendencia que na eficacia da xestión dos tributos dos datos non facilitados.

Os criterios anteriores modularanse segundo o disposto no R.D. 1930/1998, regulador do procedemento sancionador tributario.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

As cotas tributarias fixadas para cada aproveitamento no artigo 6 desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación de Índice de Prezos ó Consumo que sinala o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre, por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.

#### **ANEXO I.- Plano do casco urbano.**



## TRAMEIRO DE CATEGORIZACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS DO CASCO URBANO DE CARBALLO

### VÍAS DE 1ª CATEGORÍA:

Av. Finisterre:	2-46; 1-47 (inclusives)
Av. Ponte da Pedra:	2-14; 1-23 (inclusives)
Horta do Casino:	completa (toda a ordenación futura, incluíndo a praza e tódolos viais)

Horta dos Romay:	completa (toda a futura ordenación, incluíndo a praza e tódolos viais)
Parking e praza do San Martiño	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza de Galicia:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza do Concello:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Alexandre Bóveda:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Alfonso Daniel Rodríguez Castelao:	2-10; 1-15 (inclusive)
Rúa Baños Vellos:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Barcelona:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Camiño Novo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Cervantes:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Colón:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Concepción Arenal:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Coruña:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Desiderio Varela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Emilia Pardo Bazán:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Estrela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Fomento:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Gran Vía de Eduardo Prado:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Hórreo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Igrexa:	completa (incluíndo o primeiro edificio a man dereita tra-la ponte do San Martiño) 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Lugo:	completa (incluída a eventual prolongación)
Rúa Luís Calvo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Martín Herrera:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ourense:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Perú:	completa (incluída a prolongación)
Rúa Ponte:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pontevedra:	completa (incluída a eventual prolongación)
Rúa San Xosé:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Sol:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Valle-Inclán:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vázquez de Parga:	2-100; 1-77 (inclusives)

## VÍAS DE 2ª CATEGORÍA:

Av. Bergantiños:	2-10; 1-77 (inclusives)
Av. Cristina:	2-62; 1-75 (inclusives)
Av. Flores:	2-34; 1-39 (inclusives)
Av. Milagrosa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Av. Ponte da Pedra:	16-9998; 25-9999 (inclusives)
Parking público C.C. Bergantiños:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza da Cruz Vermella:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza da Milagrosa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza de Vigo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza Vila de Laxe:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Alfonso Daniel Rodríguez Castelao:	12-9998; 17-9999; s/n; 0
Rúa Álvarez de Sotomayor:	2-26; 1-25 (inclusives)
Rúa Álvaro Cunqueiro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

Rúa Baixa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Brasil:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Buenos Aires:	2-40; 1-45 (inclusives)
Rúa Camilo José Cela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Carballo Calero:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Celso Emilio Ferreiro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Chile:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Compostela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Doctor Fleming:	2-60; 1-55 (inclusives)
Rúa Eduardo Blanco Amor:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Eduardo Pondal:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Fábrica:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Gardenias:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Grabador Facal:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Mimosas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Moreiras:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Muiño:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa do Pan:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Poniente:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ramón Cabanillas:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Anllóns:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Grande:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Miño:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Sil:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Rosalía de Castro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Santa María:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Xoan Bautista:	2-8; 1-17-17A (inclusives)
Rúa Saúde:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vázquez de Parga:	104-194; 79-191 (inclusives)
Rúa Verdillo:	2-52; 1-59 (inclusives)
Rúa Vicente Risco:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Corcubión:	2-36; 1-19 (inclusives)
Rúa Vila de Laxe:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Noia:	32-80; 13-19 (inclusives)
Rúa Vila de Ordes:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Vial Centro Comercial Bergantiños:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Vial teórico de R/Vicente Risco ata a R/Celso Emilio Ferreiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

### **B) VÍAS DE 3ª CATEGORÍA:**

Av. Ambulatorio	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Av. Bergantiños	79-9999; 46-9998 (inclusives)
Av. Cristina	62-80; 79-91 (inclusives)
Av. Finisterre	48-122; 49-149 (inclusives)
Av. Flores	36-9998; 41-9999; s/n; 0 (inclusives)
Av. Malpica	2-34; 1-37 (inclusives)
Av. Razo	2-26; 1-37 (inclusives)

Av. Revolta	2-84; 1-45 (inclusives)
Camión do Matadoiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Paseo da Praia (Arnados-Razo)	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza do Ambulatorio	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza do San Cristovo	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza Vila de Cee	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Amapola	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Andorra	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Antón Fraguas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Argentina	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Begoñas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Bolivia	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Buenos Aires	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Calas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Camelias	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Campo da Feira	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Carpinteiros	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Carré Aldao	O tramo completo ate a 1ª curva á dereita.
Rúa Cemiterio Vello	2-40; 1-65 (inclusives)
Rúa Cesteiros	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Cinceiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Clavel	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Colombia	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Costa Rica	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Cuba	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Dalías	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Dr. Fleming	62-9998; 57-9999; 0; s/n (inclusives)
Rúa Dr. Gregorio Marañón	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Dr. Severo Ochoa	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ecuador	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Emilio González López	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Enrique Labarta Pose	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ferradal (Bértoa)	nº 1 e 2.(inclusives)
Rúa Ferreiros	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Fiunchos	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Flor de Toxo	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Fonte Caldeira	42-48 e solares 4250504-4250506 (inclusives)
Rúa Fotógrafo José Vidal	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Geranios	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Gerona	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Hortensias	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Instituto	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Isidro Parga Pondal	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa J. Pérez Alonso (Enxeñeiro Barreira)	2-12; 1 (inclusives)
Rúa Jesús San Luís Romero	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa José Fraga	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa José María Castroviejo	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Julio Galán	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Lagoa	2-26; 1-29 (inclusives)
Rúa Laracha	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

Rúa Lirios	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Luís Braille	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Mahón	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Malvas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Manuel Barreiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Manuel Murguía	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Marte	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Médico Manuel Regueiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Mendel	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa México	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Mirtos	2-68; 1-69 (inclusives)
Rúa Muiño da Pintura	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Nacente	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Nardos	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Nébedas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Nicaragua	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Oleiros	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Oriente	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Orquídea	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Otero Pedrayo	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pascual Veiga	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pedra Furada	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa dos Pensamentos	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pino	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pintor Colmeiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pintor Luís Seoane	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pintor Urbano Lugrís	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Portugal	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ramón y Cajal	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Reus	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Deza	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Eo	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Eume	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Lérez	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Mandeo	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Mera	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Rosende	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Sar	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Tambre	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Ulla	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Xallas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Rosas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Salgueiro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Antonio	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Martiño	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Paio	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Pedro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Xoan Bautista	19-9999; 10-9998 (inclusives)
Rúa Santa Ana	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

Rúa Santa Eufemia	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Saturnino Cuiñas	2-22; 1-29 (inclusives)
Rúa Saturno	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Tarragona	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Tomiño	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Túnel	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Uruguay	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Venezuela	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Venus	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Verdillo	54-156; 65-177 (inclusives)
Rúa Victoria	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Arousa	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Caión	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Cee	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Corcubión	38-9998; 27-9999 (inclusives)
Rúa Vila de Coristanco	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Corme	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Negreira	Desde a R/Sol ata a R/Vila de Corcubión
Rúa Vila de Noia	2-30; 82-9998; 1-11; 21-9999
Rúa Violetas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Xazmíns	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Xestas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Xílgaro	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Xuncos	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Xúpiter	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Zapateiros	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Trav. Buenos Aires	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Trav. 1ª Finisterre	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Trav. Urbano Lugrís	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Trav. Vila de Cee	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Vial prolongación Av. Bergantiños	Prolongación cara ó S.R.A.U. 7 RESIDENCIAL DO P.X.O.M.: completo.

#### A) VÍAS DE 4ª CATEGORÍA:

Son vías de 4ª categoría tódalas non incluídas nalgunha das relacións anteriores.

#### DILIXENCIA.-

Aprobación: Sesión extraord. Pleno 05/11/1998. B.O.P. nº 298 do 30/12/1998.

Modificación: Sesión ord. Pleno 26/10/1999. B.O.P. nº 299 do 31/12/1999 e nº 15 do 20/01/2000.

Aprobación: Sesión ord. Pleno 28/11/2000. B.O.P. nº 77 do 03/04/2001.

Modificación: Sesión ord. Pleno 19/11/2001. B.O.P. nº 298 do 31/12/2001: arts. 6 (tarifas) e 8.5.

Modificación trameiro: Sesión extraord. Pleno 22/12/2003. BOP nº 183 do 10/08/2004.

Modificación: Sesión ord. Pleno 29/07/2013. B.O.P. nº 192 do 09/10/2013 (art. 8 nn. xestión)

Versión vixente do 11/08/2004 a 09/10/2013:

O artigo 8º tiña a seguinte redacción:

**<< ARTIGO 8.º .-NORMAS DE XESTIÓN.**

1.-As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza Fiscal deberán solicitar previamente a correspondente licencia, na que se indicará a superficie a ocupar e o tempo de ocupación, así como calquera outra limitación que se considere conveniente establecer por razóns de interés público.

2.-As cantidades esixibles seguindo a tarifa do artigo anterior liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3.-Solicitada a colocación de calquera destes elementos, antes de proceder á instalación dos mesmos, deberá poñerse en coñecemento da Policía Local ou do Servicio de Xestión Tributaria, ó menos con 48 horas de antelación, a data e hora de colocación dos aparellos de obra civil, debendo estar presente algún axente da Policía municipal, un Axente da Inspección Tributaria ou un Técnico Municipal no momento da colocación, que debe indicar ós operarios o xeito en que deben situa-los aparellos, buscando a menor perturbación para os vehículos, transeúntes e demais usuarios do dominio público local, sendo vinculantes as súas indicacións. No desenvolvemento destas funcións, os Axentes de Policía actúan coma Axentes delegados da Inspección dos Tributos Municipal, e poderán estender dilixencias acreditativas dos feitos dos que teñan constancia, así coma levantar acta das infraccións apreciadas coa asistencia dos encargados das obras. As mesmas condicións esíxense para proceder ó corte das vías públicas locais, debendo, en todo caso, respecta-las instruccións da Policía Local en canto a horario de corte e condicións do mesmo.

4.-Así mesmo, cando se proceda á retirada dos elementos, deberá solicitarse a presenza dos Axentes, no mesmo prazo, a fin de que dean constancia da data en que se devolve a situación ó seu estado normal.

5.-De non cumpri-lo disposto nos dous parágrafos anteriores, entenderase que o goce do dominio público local comenzo ó día seguinte ó da notificación da concesión da licencia, e rematou o último día ó que se refería a mesma. Esta presunción pode ser destruída por calquera medio de proba admisible en Dereito.

6.-Cando, chegado o remate do prazo concedido de ocupación, os aparellos de obra continúen, ó día seguinte, sen retirar, iniciárase un novo devengo, irreductible, salvo que se puxera en coñecemento dos Servicios Tributarios, con 48 horas de antelación, algunha causa de forza maior, debidamente acreditada, que impida a traslación e levantamento en prazo dos elementos que ocupan o dominio público local.

7.-Se chegado o remate do prazo de ocupación ou goce non se tiveran rematado as obras, e fora preciso continua-la ocupación do dominio público, o interesado deberá

solicita-la prórroga da licencia antes de que transcorran dous días hábiles desde o fin do prazo orixinario concedido. Ate transcorrido ese prazo, non procederá iniciar procedemento de comprobación algún.

8.-Se mediante interrupción das obras por resolución xudicial, esta deberá ser posta en coñecemento do Servicio de Xestión Tributaria municipal de xeito inmediato, a fin de comproba-la procedencia de suspende-lo cómputo do prazo concedido de ocupación. En tales casos, non obstante, poderase esixir do promotor ou dono da obra que retire os elementos que se consideren innecesarios ou excesivamente molestos polos Servicios Técnicos municipais.

9.-Se no desenvolvemento das obras e con motivo da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público local se producira a destrucción ou deterioro do dominio público local (beirarrúas, pavimentos, etc...), xa sexa de xeito directo -dano emerxente- ou indirecto, evitando as melloras por obras realizadas -lucro cesante-, o beneficiario, ademais de satisfaca-la taxa regulada nesta Ordenanza, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de construción ou reparación e ó depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado nunha contía igual ó valor dos bens destruídos ou danados.

10.-A liquidación da taxa será aprobada no mesmo acto de concesión de licencia e notificarse de inmediato ó suxeito pasivo. Por Decreto da Alcaldía, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial Provincial, poderase establece-lo sistema de autoliquidación para o ingreso desta taxa.>>



